

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 28 DE MAIO DE 2024

Ás 11:40 horas do día 28 de maio de 2024, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 23 de maio de 2024, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: Fernando González Abeijón, representante do PP
Margarita Parajó Calvo, titular da Asesoría Xurídica
Olga Gómez Corbal, suplente do interventor xeral
Pablo Varela Ballesteros, técnico medio de Servizos Económicos
José Angel Otero Lamas, xefe de área de Investimentos
Beatriz Barbará Rodríguez, xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos
Ruth María Gallego Santos, suplente do xefe da Área de Servizos Xerais (asiste aos puntos 2a e 6a)

Secretaria: María Dolores Sotelo Gallego

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos (procedementos abertos)

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de enerxía eléctrica en media e baixa tensión para as distintas instalacións e dependencias do Concello de Vigo (53229-444)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desencriptación pola Secretaría e a Presidencia, e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 22:00	Páxina 1 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A359-A6E1C3-EB8EBF-X93MTN-8M7MTV-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



acórdase, por unanimidade dos/as membros presentes, admitir neste procedemento a IBERDROLA CLIENTES, S.A.U., por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción de plans de emerxencia e autoprotección e coordinación de seguridade para eventos (10062-335)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade dos/as membros presentes:

- a) Outorgar un prazo de tres días a PREVENTECNIA INGENIERÍA Y AUTOPROTECCIÓN, S.L. (Lote 1) para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. En concreto, deberá presentar:
 - Novo DEUC, asinado polo seu representante, no que dea resposta, na Parte IV "Criterios de selección" á pregunta, "α: Indicación global relativa a todos los criterios de selección - Respecto a los criterios de selección, el operador económico declara que: Cumple todos los criterios de selección requeridos. Indique la respuesta", xa que no DEUC presentado non figura a devandita pregunta e, polo tanto, tampouco a resposta á mesma.
- b) Non admitir a NURIA BALBOA RODRÍGUEZ nos lotes 1 e 2 deste procedemento por non presentar correctamente a súa proposición de conformidade co esixido na cláusula 13.5 do PCAP:

"No suposto de que, por razóns técnicas de comunicación, non puidese facerse efectiva a entrega da proposición mediante a canle electrónica, obterase un xustificante de presentación da pegada dixital ou resumo correspondente da oferta. Este xustificante ou resumo entregarase no Rexistro Xeral do Concello de Vigo antes de que remate o prazo de presentación de ofertas. Se a presentación no Rexistro Xeral non fose posible, o xustificante enviarase ao correo de Contratación: contratacion@vigo.org.

O licitador, neste suposto, presentará os sobres en soporte electrónico no Rexistro Xeral no prazo das 24 horas posteriores á data límite de presentación das proposicións.

En ningún caso deberán presentarse documentos non encriptados. A presentación de documentos non encriptados dos que puidese coñecerse o seu contido antes do correspondente acto de apertura dará lugar á non admisión do licitador."

A licitadora presenta dúas proposicións, unha a través da Plataforma de Contratos do Sector Público e outra proposición a través do Rexistro Xeral (artigo 139.3 LCSP e cláusula 13.4 do PCAP "Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición (..) A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 22:00	Páxina 2 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A359-A6E1C3-EB8EBF-X93MTN-8M7MTV-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



propostas por el subscritas.”). Asemade, a proposición presentada a través do Rexistro Xeral non está encriptada (motivo de exclusión recollido na cláusula 13.5 do PCAP reproducido máis arriba).

c) Formular a seguinte proposta ao órgano de contratación:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción de plans de emerxencia e autoprotección e coordinación de seguridade para eventos (10062-335) (Lote 2)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 26 de abril de 2024 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, do servizo de redacción de plans de emerxencia e autoprotección e coordinación de seguridade para eventos (10062-335)

Segundo.- O 26 de abril de 2024 publicouse o anuncio no perfil de contratante, rematando o prazo de presentación de proposicións o 27 de maio de 2024.

Terceiro.- Durante o prazo concedido presentáronse 2 proposicións segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 28 de maio de 2024:

- a) PREVENTECNIA INGENIERÍA Y AUTOPROTECCIÓN, S.L. (Lote 1)
- b) NURIA BALBOA RODRÍGUEZ (Lotes 1 e 2)

A licitadora NURIA BALBOA RODRÍGUEZ presentou unha proposición aos lotes 1 e 2 a través da Plataforma de Contratos do Sector Público o 27 de maio de 2024 ás 23:36 horas e outra proposición aos mesmos lotes a través do Rexistro Xeral (documentos nº 240161726 e 240161729 a 240161746), tal e como se indica no citado certificado, os días 27 e 28 de maio de 2024, sen encriptar.

Cuarto.- A Mesa de Contratación, na súa sesión do 28 de maio de 2024, acordou non admitir a NURIA BALBOA RODRÍGUEZ nos lotes 1 e 2 por ter presentado dúas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 22:00	Páxina 3 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A359-A6E1C3-EB8EBF-X93MTN-8M7MTV-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



proposicións, unha a través da Plataforma de Contratos do Sector Público e outra proposición a través do Rexistro Xeral (artigo 139.3 LCSP e cláusula 13.4 do PCAP "Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición (..) A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas."). Asemade, a proposición presentada a través do Rexistro Xeral non está encriptada (motivo de exclusión recollido na cláusula 13.5 do PCAP).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Segundo.- Dado que na sesión do 28 de maio de 2024 acordouse non admitir ao único licitador presentado no lote 2 desta licitación, NURIA BALBOA RODRÍGUEZ, procede declarar deserto o devandito lote.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Declarar deserto o lote 2 do procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción de plans de emerxencia e autoprotección e coordinación de seguridade para eventos (10062-335) porque o único licitador presentado no mesmo non foi admitido pola Mesa de Contratación por ter presentado dúas proposicións, unha a través da Plataforma de Contratos do Sector Público e outra proposición a través do Rexistro Xeral (artigo 139.3 LCSP e cláusula 13.4 do PCAP "Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición (..) A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas."). Asemade, a proposición presentada a través do Rexistro Xeral non está encriptada (motivo de exclusión recollido na cláusula 13.5 do PCAP "A presentación de documentos non encriptados dos que puidese coñecerse o seu contido antes do correspondente acto de apertura dará lugar á non admisión do licitador.")."

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de organización do sistema de venta de entradas e control de accesos para eventos do programa "Vigo en Festas" (10136-335)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a 10este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desencriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade dos/as membros presentes:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 22:00	Páxina 4 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A359-A6E1C3-EB8EBF-X93MTN-8M7MTV-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

- OVEJERO SEQUEIRO, S.L.
- MANANTIAL DE IDEAS, S.L.

b) Outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:

- PREMIUMCOVER, S.L. En concreto deberá:
 - Presentar novo DEUC, asinado polo seu representante, no que aclare se acude a esta licitación con solvencia de terceiros ou non, xa que no DEUC presentado, á pregunta "¿Se basa el operador económico en la capacidad de otras entidades para satisfacer los criterios de selección contemplados en la parte IV y los criterios y normas (en su caso) contemplados en la parte V, más abajo?" do apartado C, da parte II, contesta que non pero presenta Anexo III co compromiso de achega de solvencia da mercantil GESTIONTICKETS.ONLINE, S.L.
 - En caso de basearse na capacidade deste terceiro, é necesario que presenten o DEUC correspondente da mercantil que aporta a solvencia, asinado polo seu representante, tal e como establece a cláusula 14.3.a) do PCAP ("Así mesmo, nos casos nos que o empresario recorra á solvencia e medios doutras empresas, deberá incluír o compromiso escrito destas entidades para tal efecto, consonte ao modelo previsto no Anexo III deste prego e cada unha delas deberá presentar un DEUC.")
- THE TICKET COMPANY, S.L. En concreto deberá:
 - Presentar novo Anexo III asinado polo representante da empresa que vai aportar as solvencias, xa que no presentado non hai constancia dixital da sinatura.
 - Presentar o DEUC da mercantil que se presenta a esta licitación, THE TICKET COMPANY, S.L., asinado polo seu representante.
 - Presentar novo DEUC da mercantil que aporta a solvencia, NETBERRY SERVICIOS DE INTERNET, S.L., asinado polo seu representante, no que aclare a resposta á pregunta "¿Se basa el operador económico en la capacidad de otras entidades para satisfacer los criterios de selección contemplados en la parte IV y los criterios y normas (en su caso) contemplados en la parte V, más abajo?" do apartado C, da parte II, xa que, no DEUC presentado, indica que si se presenta con terceiros á licitación pero, pola documentación que consta, NETBERRY SERVICIOS DE INTERNET, S.L. é o terceiro que aporta solvencia.

3. Apertura das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor (procedementos abertos)

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción de plans de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 22:00	Páxina 5 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A359-A6E1C3-EB8EBF-X93MTN-8M7MTV-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



emerxencia e autoprotección e coordinación de seguridade para eventos (10062-335)

Retírase da orde do día por acordar a Mesa de Contratación outorgar prazo a un dos licitadores presentados para emendar a documentación do sobre A.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de organización do sistema de venta de entradas e control de accesos para eventos do programa "Vigo en Festas" (10136-335)

Retírase da orde do día por acordar a Mesa de Contratación outorgar prazo a dous dos licitadores presentados para emendar a documentación do sobre A.

6.- Apertura das proposicións avaliáveis mediante fórmula (procedementos abertos e abertos simplificados), e se procede, proposta de clasificación ou clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de enerxía eléctrica en media e baixa tensión para as distintas instalacións e dependencias do Concello de Vigo (53229-444)

Procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliável mediante fórmula" do licitador admitido co seguinte resultado:

- **IBERDROLA CLIENTES, S.A.U.**

Prezo OFERTADO Termino de Enerxía (€/kWh)						
TA	PE_of para P1	PE_of para P2	PE_of para P3	PE_of para P4	PE_of para P5	PE_of para P6
2.0TD	0,202719	0,138857	0,096693			
3.0TD	0,180867	0,153693	0,125400	0,114487	0,098508	0,096298
6.1TD	0,151452	0,130589	0,110791	0,103315	0,087951	0,084083

Asiste como público á apertura:

- Oscar Manuel Rodriguez Dominguez, en representación de ALUZ ENERGIA ELÉCTRICA, S.L.

A Mesa, por unanimidade dos/as membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 12:05 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 22:00	Páxina 6 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A359-A6E1C3-EB8EBF-X93MTN-8M7MTV-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		